

ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2016-2017

NOTA INFORMATIVA

Normativa reguladora:

-DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 245 - 26/12/2012)

-ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos (DOG 53 - 15/03/2013)

Reserva de praza

Aos alumnos/as actuais do centro realízase a reserva automática, agás que os seus pais/nais ou titores legais manifesten o contrario.

Solicitud de admisión:

Presentará a solicitude de admisión o alumnado de novo ingreso que queira solicitar praza neste centro. A solicitude será única e o prazo de presentación será do 1 ao 29 de marzo.

A documentación a entregar:

- Solicitude de admisión (Anexo II da Orde, dispoñible na secretaría ou na web do centro)
- Fotocopia do libro de familia onde figure o alumno/a.
- D.N.I dos pais ou titores legais
- No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio, documentación que acredite as circunstancias alegadas.

A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos/as proxenitores/as, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

No suposto de alumnado afectado por violencia de xénero non será exigible o previsto no parágrafo anterior.

Publicación de admitidos/as:

Antes do 15 de maio

Formalización de matrícula:

A formalización de matrícula deberá axustarse ao modelo normalizado Anexo III (dispoñible tamén na secretaría ou na páxina web do centro) e terá lugar nos seguintes prazos:

Infantil e primaria: do 20 ao 30 de xuño

Secundaria:

Prazo ordinario: do 25 de xuño ao 10 de xullo

Prazo extraordinario (alumnado con materias pendentes en xuño): do 1 ao 10 de setembro

Nota informativa

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro que solicite praza en primeiro lugar. A infracción neste punto determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado actual ten garantía de permanencia no centro. Se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión
- Os servizos complementarios que ofrece o centro son o de comedor e transporte escolar.